SINATURA ELECTRÓNICA DO APODERAMENTO APUD ACTA PARA A RECOLLIDA DUN TÍTULO UNIVERSITARIO POR UN TERCEIRO.


Para a sinatura electrónica do apoderamento apud acta é necesario dispor dun certificado electrónico emitido por un prestador de servizos electrónicos de confianza. Listado de prestadores: https://sedeaplicaciones.minetur.gob.es/Prestadores/

Para a sinatura do documento recoméndase o emprego da ferramenta AutoFirma, aplicación gratuíta desenvolvida polo Goberno do Estado que ten versións para os principais sistemas operativos: Windows, Linux e Mac.
Descarga de AutoFirma: https://firmaelectronica.gob.es/ciudadanos/descargas.html

Para asinar un documento en pdf con AutoFirma primeiro ábrese a aplicación:




No caso de empregar o DNIe siga as instrucións. No caso de asinar cun certificado electrónico faga clic en “Usar cualquier certificado”.



A continuación selecciónase o ficheiro en pdf que vai asinar ou ben pode arrastralo a área indicada. Unha vez cargado faga clic en “Firmar”.
No caso de que saia un aviso de que vaise realizar a sinatura electrónica nun documento faga clic en “Aceptar”.




Unha vez cargado o ficheiro marque a opción “Hacer la firma visible dentro del PDF”. A continuación faga clic en “Firmar”.



Seleccione o cadro de texto onde se inserirá os datos da sinatura visible e a continuación faga clic no botón “Siguiente”.




Na pantalla de vista previa faga clic en “Aceptar”.



A continuación o sistema buscará no almacén do seu equipo os certificados electrónicos que ten instalados. Seleccione o certificado electrónico co que vai asinar e faga clic en “Aceptar”. No caso de que o certificado estea protexido por unha contrasinal escriba o PIN e faga clic en “Aceptar”.

Posteriormente deberá seleccionar a carpeta do seu equipo no que gardará o ficheiro asinado e facer clic en “Guardar”.



Pasados uns segundos obtense o ficheiro asinado. A continuación, achegue este ficheiro asinado á segunda persoa asinante para que proceda a asinalo electronicamente do mesmo xeito.